

MEMORIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA E O CONCELLO DE COLES EN MATERIA DE RECADACIÓN EN VÍA EXECUTIVA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora da Axencia Tributaria de Galicia, DECLARA:

O Presidente da Axencia Tributaria de Galicia ten asignada, segundo o artigo 14 do Decreto 202/2012, de 18 de outubro, polo que se crea a Axencia Tributaria de Galicia e se aproba o seu estatuto, a subscrición, en nome da entidade que preside e nas materias que sexan competencia da Axencia, de convenios de colaboración con entidades públicas e privadas excluídos da lexislación de contratos do sector público.

Don Manuel Rodríguez Vázquez, Alcalde do Concello de Coles, en nome e representación do mesmo, en virtude do disposto no artigo 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia

No marco do principio de colaboración mutua entre Administracións Públicas e conforme o principio de colaboración establecido no artigo 3.1 k da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ambas as partes asinaron o 8/08/2018. un convenio de colaboración entre a Axencia Tributaria de Galicia (en diante Atriga) e o Concello de Coles (en diante Concello) para a recadación en vía executiva.

Que dado que a vixencia do Convenio subscrito o 8 de agosto de 2018 entre a Axencia Tributaria de Galicia e o Concello de Coles finalizou o 8 de agosto de 2022, resulta necesario proceder a dar novo tratamento ás relacións entre ambas.





O presente Convenio suscrito entre a Atriga e o Concello en materia de recadación en vía executiva ten natureza administrativa e se rexe polo disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público, correspondendo á xurisdición contencioso administrativa o coñecemento dos litixios que do mesmo puideran derivarse.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

A Directora da Axencia Tributaria de Galicia

Documento asinado dixitalmente á marxe

